ANUNCIO: RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS CANDIDATAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS PARA PERSOAL DOCENTE DO PROGRAMA DE FORMACION-EMPREGO "MAIV TALENTO MOZO 2026": EXPERTO/A DOCENTE DE MARKETING E COMUNICACIÓN E EXPERTO/A DE DINAMIZACIÓN COMUNITARIA

Por Resolución de data 29.09.2026 da Concelleira delegada da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (MAIV) aprobáronse, con carácter provisional, as listaxes de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura dos postos de persoal docente do **Programa de formación-emprego** denominado **"MAIV TALENTO MOZO 2026"**, nas dúas especialidades convocadas:

- EXPERTO/A-DOCENTE EN MARKETING E COMUNICACIÓN para o Programa de formación-emprego MAIV TALENTO MOZO 2026, especialidade "marketing dixital". Nº oferta: 12/2026/8968.

- EXPERTO/A- DOCENTE EN DINAMIZACIÓN COMUNITARIA para o Programa de formación-emprego MAIV TALENTO MOZO 2026, especialidade "dinamización de proxectos de desenvolvemento local". Nº oferta: 12/2026/8961

Constitúen os listados de persoas candidatas, as persoas preseleccionadas pola Oficina de Emprego que presentaron a solicitude para a participación no proceso. Deste xeito, cumprindo o establecido nas bases reguladoras, para o posto de **experto/a docente en marketing e comunicación**, o listado de persoas candidatas preseleccionadas pola oficina de emprego confórmano as seguintes persoas:

Apelidos	**Nome**
Asorey Rivas	Federico
Chamorro Misa	Regina
Daza Cabrera	Alba
Fuster Sanjurjo	Cristina
Rodriguez Vazquez	Alberto

Do mesmo xeito, no caso do posto de **experto/a docente en dinamización comunitaria**, o listado de persoas candidatas resultante da sondaxe é a seguinte:

Apelidos	**Nome**
Bermudez Vazquez	Maria Vanessa
Folla Sotelo	María
Lopez Coronado-Carnero	Mónica
López Cuiñas	Joaquin Egidio
Rodríguez López	Julia

Á vista de todo o anteriormente exposto, unha vez rematado o prazo establecido para a presentación das instancias/solicitudes de participación e da documentación requirida no proceso selectivo por parte das persoas preseleccionadas pola Oficina de Emprego e tras comprobar, a través da documentación

presentada se as persoas aspirantes cumprían os requisitos establecidos nas bases reguladoras dos procesos selectivos que se convocaron para seleccionar 1 posto de experto/a docente en marketing e comunicación e 1 posto de experto/a docente en marketing e comunicación, **RESÓLVESE:**

PRIMEIRO.- Aprobar, con carácter provisional, a seguinte relación de **persoas admitidas** no proceso selectivo para a cobertura dun posto de **experto/a docente en marketing e comunicación para a execución do programa de formación-emprego MAIV TALENTO MOZO 2026:**

DNI	APELIDOS	NOME
****8049R	Chamorro Misa	Regina
****4430B	Fuster Sanjurjo	Cristina
****0492R	Rodriguez Vazquez	Alberto

SEGUNDO.- Declarar excluídas, con carácter provisional, ás seguintes persoas aspirantes no proceso selectivo que se convocou para a contratación dun posto de **experto/a docente en marketing e comunicación** para a execución do programa de formación-emprego MAIV TALENTO MOZO 2026:

DNI	APELIDOS	NOME	Motivo de exclusión
****5949D	Asorey Rivas	Federico	(3) (4)
****1538J	Daza Cabrera	Alba	(4)

Motivos de exclusión:
(1) Non presenta solicitude de participación / non achega anexo II asinado
(2) Non achega fotocopia DNI/NIE
(3) Non posúe ou non acredita suficientemente titulación requirida (titulación universitaria relacionada coa especialidade), segundo o apartado 1.4. do anexo I bases específicas para o posto.
(4) Non acredita a experiencia profesional mínima de 1 ano en traballos relacionados coa especialidade formativa (apartado 1.4. do anexo I bases específicas)
(5) Non acredita competencia docente, segundo establece o anexo I de bases específicas, apartado 1.4

TERCEIRO.- Aprobar, con carácter provisional, a seguinte relación de **persoas admitidas** no proceso selectivo para a cobertura dun posto de **experto/a docente en dinamización comunitaria** para a execución do programa de formación-emprego MAIV TALENTO MOZO 2026:

DNI	APELIDOS	NOME
****9705J	Folla Sotelo	María
****1855N	Lopez Coronado-Carnero	Mónica
****6482G	López Cuiñas	Joaquin Egidio

CUARTO.- Declarar excluídas, con carácter provisional, ás seguintes persoas aspirantes no proceso selectivo que se convocou para a contratación dun posto de **experto/a docente en dinamización comunitaria** para a execución do programa de formación-emprego MAIV TALENTO MOZO 2026:

DNI	APELIDOS	NOME	Motivo de exclusión
****8940S	Bermudez Vazquez	Maria Vanessa	(4)
****9611C	Rodríguez López	Julia	(2) (3) (4) (5)

Motivos de exclusión:
(1) Non presenta solicitude de participación / non achega anexo II asinado
(2) Non achega fotocopia DNI/NIE
(3) Non posúe ou non acredita suficientemente titulación requirida (titulación universitaria relacionada coa especialidade), segundo o apartado 2.4. do anexo I bases específicas para o posto.
(4) Non acredita a experiencia profesional mínima de 2 anos en traballos relacionados coa especialidade formativa (apartado 2.4. do anexo I bases específicas)
(5) Non acredita competencia docente, segundo establece o anexo I de bases específicas, apartado 2.4

QUINTO.- As persoas excluídas poderán presentar as alegacións que estimen oportunas ou a documentación a subsanar no prazo de dous (2) días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación da ditar relación na páxina web da Mancomunidade (www.maiv.org).

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións. De haber reclamacións e resoltas estas, a Mancomunidade aprobará, a través dunha nova resolución da Concelleira Delegada, a lista definitiva que se exporá na páxina web e no taboleiro de anuncios da entidade.

SEXTO.- Publicar estas relacións provisionais de persoas admitidas e excluídas ao proceso de selección de persoal docente do programa de formacion-emprego MAIV TALENTO MOZO 2026 no taboleiro de anuncios da entidade, así como a convocatoria das datas de realización da fase de entrevista/proba oral e os horarios de comparecencia das persoas aspirantes na páxina web da Mancomunidade (www.maiv.org), na páxina de inicio no apartado de "novas" así como na sección de ofertas de emprego (https://www.maiv.org/?sec=19).

Non obstante, aos efectos de asegurar a publicidade adecuada e unha maior transparencia, establécese a posibilidade de que os servizos administrativos da MAIV contacten por correo electrónico coas persoas candidatas para informarlles da publicación das convocatorias.

Vigo, 29 de setembro de 2026

MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO